

**Resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2019 e 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (MR 701D).**

GDR - 17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia

**Convocatoria 2019-2020: solicitudes de axuda presentadas ata 31 de marzo de 2019.**

Proxectos produtivos

Proxectos non produtivos entidades públicas locais

Proxectos non produtivos entidades privadas

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 29 de decembro de 2016 aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cofinanciadas con Feader (DOG nº 12, do 18 de xaneiro de 2017) e mediante a Resolución do 14 de decembro de 2018 do director xeral da Agader, convocáronse, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2019 e 2020 (DOG nº 245, do 26 de decembro de 2018).

Para o financiamento desta convocatoria, para o ano 2019 está consignado un crédito de 7.791.540,11 € nas aplicacións orzamentarias de Agader 14.A1.712A.7600, 14.A1.712A.7700 e 14.A1.712A.7810 (aplicación orzamentaria 14.05.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00221 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural ).

Para atender os compromisos derivados desta convocatoria con cargo á anualidade 2020, prevese un importe de 9.908.970,00 €, que se imputarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia da citada anualidade 2020.

A dotación orzamentaria da Resolución do 14 de decembro de 2018 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 PDR de Galicia 2014-2020), para as anualidades 2019 e 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); e pola que se aproban, dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais establecidas, os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2 do PDR; incrementouse, con respecto á anualidade 2019 como consecuencia da ampliación de crédito que tivo lugar a



través da RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2019 pola que se amplía a dotación orzamentaria da citada Resolución do 14 de decembro de 2018 (DOG nº 149 do 7 de agosto de 2019).

En concreto, e con respecto ao GDR 17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia, o director xeral da Agader, emitiu o 08/08/2019 unha resolución pola que se aproban, dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais establecidas na convocatoria da medida Leader de Galicia para as anualidades 2019 e 2020, os importes máximos dispoñibles para o GDR, dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables seguintes:

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.019	%	2.020	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	157.572,67	57,63	252.484,22	69,79	410.056,89	64,56
	Non productivos (entidades públicas locais)	105.882,84	38,73	79.461,05	21,96	185.343,89	29,18
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	9.942,17	3,64	29.826,50	8,24	39.768,67	6,26
	Formación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>		273.397,67		361.771,77		635.169,44

Unha vez efectuada a distribución de fondos da convocatoria 2019-2020 dos proxectos non productivos promovidos por entidades públicas locais e sendo seleccionados todos os proxectos concorrentes o GDR propón na Xunta Directiva do 02/10/2019 unha nova distribución dos fondos .

Unha vez efectuado o traspaso de fondos anteriormente acordado pola Xunta Directiva, o cadro anterior ten a seguinte distribución de importes por tipoloxías:

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.019	%	2.020	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	176.898,74	64,70	271.810,29	75,13	448.709,03	70,64
	Non productivos (entidades públicas locais)	86.556,76	31,66	60.134,98	16,62	146.691,74	23,09
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	9.942,17	3,64	29.826,50	8,24	39.768,67	6,26
	Formación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>		273.397,67		361.771,77		635.169,44



O artigo 17.6 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así coma no taboleiro de anuncios da sede da Agader (lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web do GDR e na web da Agader (<http://agader.xunta.gal>).

Ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- A competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do artigo 17 do acordo do Consello de Dirección de Agader do 29/12/2016.
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- A proposta da Xuntas directivas do GDR do 22/07/2019 e 02/10/2019
- Existe coherencia coas propostas de resolución individuais emitidas polo subdirector de Relacións cos GDRs

**RESOLVO publicar o resultado da convocatoria de que se trata do seguinte xeito:**

1. Conceder a subvención para os proxectos produtivos (anexo I), para os proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas locais (anexo II) para os proxectos non produtivos promovidos por entidades privadas (anexo III); conforme cos informes do subdirector de Relacións cos GDR individualizados para cada proxecto.
2. Denegar a subvención para os proxectos sinalados no (anexo IV), conforme cos informes do subdirector de Relacións cos GDR individualizados para cada proxecto.
3. Establecer a lista de agarda de proxectos produtivos para os cales se constata a inexistencia de fondos suficientes (anexo V).



### ANEXO I: PROXECTOS PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2019	IMPORTE AXUDA 2020	Puntuación segundo o baremo
L19 1920 17 0117	Parque didáctico de lecer e acuático de Meis	Crelpabe, S.L	5.095.423,74	50,00%	50.000,00	150.000,00	77,50
L19 1920 17 0113	Proxecto de legalización e rehabilitación de casa antiga , do ano 1978, para casa de Turismo Rural " Grupo B"	Alfredo García González	189.448,76	45,38%	48.144,23	37.827,62	63,40
L19 1920 17 0111	Creación lavandería industrial en Meis	OSCARUBE S.L	259.061,04	41,25%	59.428,44	47.434,24	57,50
L19 1920 17 0103	Adquisición dun equipo de aspiración e tratamentode refugallos	Mucarce Carpinteros S.L	59.900,00	36,00%	14.663,82	6.900,18	50,00
L19 1920 17 0114	Acondicionamento local comercial para supermercado	Comercial Vilanoviña, S.L	26.035,51	34,95%	2.274,85	6.824,56	48,50
L18 1920 17 0095	Adquisición dun equipo de mantemento de sistemas de confort térmico en vehículos, recarga e reciclado de aire	Talleres Senín S.L.	4.419,20	34,60%	1.000,00	529,04	48,00
L18 1920 17 0096	Novo servizo a cidadanía mediante creación de lanvandería autoservizo en Cuntis	Elisabeth Cima González	47.472,02	31,92%	1.387,40	13.766,86	44,18
TOTAL			5.681.760,27		176.898,74	263.282,50	



**ANEXO II: PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS**

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2019	IMPORTE AXUDA 2020	Puntuación segundo o baremo
L19 1920 17 0108	Instalación de climatización e mellora enerxética Centro Social Polivalente	Concello de Meaño	19.324,91	78,00%	15.073,43	0,00	60,00
L19 1920 17 0122	Rehabilitación da antiga ruta dos burros fariñeiros no río da Cova da Loba	Concello do Grove	62.212,58	59,40%	18.477,14	18.477,14	44,50
L19 1920 17 0105	Centro de interpretación arqueolóxico-sede da Fundación Terra Termarum Castrolandin	Concello de Cuntis	240.007,38	55,20%	16.150,00	16.150,00	41,00
L19 1920 17 0119	O mundo da conserva a través da realidade aumentada	Concello de A Illa de Arousa	35.816,00	54,00%	9.670,32	9.670,32	40,00
L19 1920 17 0112	Formación de ruta de acceso Peonil a Berdón	Concello de Vilagarcía de Arousa	73.321,87	43,20%	15.837,52	15.837,52	31,00
		TOTAL	430.682,74		75.208,41	60.134,98	



**ANEXO III: PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS**

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2019	IMPORTE AXUDA 2020	Puntuación segundo o baremo
L19 1920 17 0115	Recuperación e Posta en Valor dos Muiños do Río Castañosa e Gundeiro en Amil Moraña	Comunidad de Montes e Man común de Amil	48.645,46	55,20%	6.713,07	20.139,22	41,00
L19 1920 17 0121	Proxecto de mellora social con pista deportiva e recuperación do Palomar e o seu entorno	CMVMC de Godos	26.252,79	49,20%	3.229,09	9.687,28	36,00
		<b>TOTAL</b>	<b>74.898,25</b>		<b>9.942,16</b>	<b>29.826,50</b>	



#### ANEXO IV: EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DA AXUDA

Número de expediente	Promotor	Motivo	Observacións
L18 1920 17 0086	Crepalbe, S.L	1	
L18 1920 17 0090	Tania López Eyo	4	
L18 1920 17 0091	María Jesús Soutullo Crespo	1	
L18 1920 17 0092	Versos de A Rúa , S.L	1	
L19 1920 17 0098	Hotel Arcos Iris SL	2	
L19 1920 17 0102	Paula Fernández Soutullo	4	
L19 1920 17 0104	Cata&Rose 2019, S.L	2	
L19 1920 17 0116	Las Cabañas de Sanxenxo S.L.	2	

Motivos:

1. A solicitude de axuda está incompleta (artigo 12 das bases reguladoras)
2. O promotor non cumpre os requisitos indicados nas bases reguladoras (artigo 3 das bases reguladoras)
3. Os gastos propostos no orzamento do proxecto non son subvencionables (artigo 5 das bases reguladoras)
4. O proxecto non é elixible ao abeiro das fichas de elixibilidade das bases reguladoras e/ou da estratexia do GDR.
5. O proxecto non acada a puntuación mínima ou de corte establecida no baremo do GDR.
6. Outras: especificar a causa no apartado de observacións



**ANEXO V : LISTA DE AGARDA PROXECTOS PRODUTIVOS**

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
L18 1920 17 0053	Adquisición dun equipo de mecanizado por control numérico	Mucarce Carpinteros S.L (*)	289.066,00	38,80%	54,00
L19 1920 17 0106	Traslado Meycatec A Catoira	Mecanizados y Caldereria Talleres El Cubano, SL (*)	677.005,50	38,45%	53,50
L18 1920 17 0052	Construción dun campamento turístico único e exclusivo de Bungalows	Santiago Gómez Besada (*)	560.864,11	35,66%	52,12
L19 1920 17 0101	Tara Arousa Ecoturismo	Tara Arousa SL (*)	327.358,10	33,20%	46,00
L19 1920 17 0120	Proxecto para obrador para postres	Versos de A Rúa , S.L (*)	518.353,91	33,20%	46,00
L18 1920 17 0048	Melloras tecnolóxicas e industria de fabricación e venda de Palets e embalaxes a medida	Embalaxe Sistema y Servicios Export, S.L	204.769,69	29,70%	41,00
L18 1920 17 0056	Melloras tecnolóxicas no Matadoiro de aves	Matadero Avicola Otres Sociedad Limitada	54.745,16	29,00%	40,00
L19 1920 17 0123	Parque acúatico	Aventura Noroeste, SL	29.420,23	28,30%	39,00
L19 1920 17 0110	Ampliación e modernización do local destinado a transformacón das materias primas con orixe agreeario para a elaboración dos produtos finais	Conejos de Angora Gallegos S.L	28.214,34	26,20%	36,00
L18 1920 17 0062	Aquisición de grúa hidráulica Marca Fassi Modelo F-175 A.2.25 e-dynamic	Construniño Contruccion S.L	80.200,00	24,80%	34,00
L19 1920 17 0099	Novo servizo a cidadanía mediante creación de Lavandería autoservizo en A Illa de Arosa	Juan José Millan Diz	90.496,70	18,50%	25,00

(\*)Renuncian a adjudicación de fondos nesta convocatoria.





Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader  
(P.D.: Acordo do 29.12.2016)  
O director xeral de Agader  
(Asinado electronicamente)  
Miguel Ángel Pérez Dubois

